



CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 29 de abril de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca o Premio Boas Prácticas de Educación Inclusiva 2019 para os centros docentes públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2018/19.

Advertido erros na referida resolución cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 3 , no apartado 2. referido á categoría de participación, expóñense dúas categorías A e B. No apartado referido á categoría B onde di:

“Categoría B: destinada a educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional básica”

Debería dicir:

“Categoría B: destinada a educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional , formación de persoas adultas e ensinanzas de réxime especial.

Por outro lado, onde di:

“Cada unha das categorías comprende aqueles centros que integran as ensinanzas indicadas: colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria, colexios de educación primaria, centros públicos integrados, institutos de educación secundaria, centros integrados de formación profesional, centros públicos de formación e promoción de adultos .”

Debería dicir:

“Cada unha das categorías comprende aqueles centros que integran as ensinanzas indicadas: colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria, colexios de educación primaria, centros públicos integrados, institutos de educación secundaria, centros integrados de formación profesional, centros públicos de formación e promoción de adultos e centros nos que se impartan as ensinanzas de réxime especial.



Na páxina 4, no apartado 4.4.c referido a prazos e presentación da documentación, onde di “Poderanse incluír fotografías, gráficos e ligazóns. Presentarase en calquera formato dixital editable”.

Debería dicir “ Poderanse incluír fotografías, vídeos (cunha duración que non supere os 5 minutos), gráficos e ligazóns. Presentarase en calquera formato dixital editable”

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019



Manuel Corredoira López

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.